

Apelo á cidadanía

Civilidade compartida

XOSÉ FEIXÓ

A editorial Galaxia vén de publicar *As razóns do galego. Apelo á cidadanía*, unha recompilación de artigos sobre a lingua que Henrique Monteagudo publicou en *El País*, *Público*, *Grial* e *El Progreso*, engadindo dous inéditos.

Comeza cun interesante limiar para enmarcar a situación e a obra, e divide o contido en dúas partes, unha primeira con oito "Acheegas á problemática lingüística de Galicia", e unha segunda, "No fragor do debate. Notas a rodapé", con vinte e seis entregas. Trátase pois dunha obra transparente tanto no título xenérico como nos das súas partes: a través de diversas achegas á problemática da lingua en Galicia, e a través de moitas notas redactadas sobrea marcha en pleno debate sobre o galego no ensino (e non só), faise un apelo á cidadanía para armarse de razóns.

gua. E certamente que é necesario, pois repetir unha e outra vez as teorías da diglosia (linguas A e B) funcional e social, o autoodio, a autoestima, etc., sen achegar nada novo, non serviría de nada. E agora en maior medida, xa que se debe dedicar un esforzo extra a desbotar as teorías en contra, con frecuencia disfrazadas do dereito á liberdade, en nome da democracia, etc.

Hai, neste sentido, ao longo do libro, moitas e boas achegas. O malo é que estou convencido de que o mismísimo Anxo Lorenzo as asinaría como súas, incluso crendo que practica o monolingüismo defensivo, falando galego a interlocutores que o fan en castelán. Quero dicir que de que vale que sexan comprendidas ou asimiladas, se despois se actúa como se actúa incluso por parte de que ostenta unha enorme responsabilidade ante a cidadanía e ante a historia.

Enténdase-me ben, que non estou trasladando esta posibilidade a Monteagudo, pois este ten demostrado, ás veces, que é quen de grandes sacrificios en aras dunha benéfica unidade, como, por lembrar un caso, cando foi un dos maiores impulsores da nova normativa do galego de 2003, conciliando correntes diverxentes e provocando consensos que antes ningún imaxinara.

O peor de todo é que talvez se sobrepasase o punto de non retorno para a recuperación efectiva e global do galego. Se se pensa que non é así, e mesmo pensándoo pero desexando unha vida digna para os seus falantes, este libro é unha boa ferramenta para reflexionar arredor do tema e anotar contribucións coas que saír ao paso.

MONTEAGUDO,
Henrique, As razóns do galego, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 18 €



A idea da recompilación é boa, pois trata de poñer á man toda a batería de razoamentos e datos que antes estaban dispersos e aos que resultaba difícil acceder, contribuíndo así á necesaria deliberación pública sobre o idioma, que está noutro (outro máis) momento crítico e decisivo para o seu futuro, dándolle, como se lle ten que dar, rango de problema de primeira orde no país. Deste xeito, Monteagudo reflexiona a favor do galego en nome dunha civilidade compartida, destacando a necesidade de renovar os discursos en favor da lin-